

¿COMO CHEGOU CANGAS A SER UNHA VILLA OLÍMPICA?



Ilustración de Inés Villamor Nores (1º B). Gañadora do Concurso de logotipos para o blog do Proxecto Interdisciplinar.

HISTORIA DO DEPORTE LOCAL EN CANGAS

PROXECTO INTERDISCIPLINAR

1º E.S.O.

I.E.S. MONTE CARRASCO

Dirección URL: <http://deporteencangas.blogspot.com.es/>

Concurso de traballos por proxectos Curso Académico 2014 – 2015

Convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

9 de marzo de 2015

- I. INTRODUCCIÓN**
- II. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN**
- III. DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA**
- IV. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADA AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO**
- V. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS**
- VI. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA, NO SEU CASO**
- VII. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA**
- VII. AVALIACIÓN**
- IX. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

I. INTRODUCCIÓN

a) Xustificación

Este traballo enmárcase no Proxecto Interdisciplinar de 1º de ESO, que no noso Proxecto Educativo, está dentro do Proxecto Lector de Centro e como tal é coordinado dende a Biblioteca Escolar.

Participaron os dous grupos de 1º de ESO do centro, coordinados polos seus respectivos titores e por un membro do Equipo de Biblioteca Escolar. Este último, tiña o seu horario de Biblioteca Escolar coincidente coa hora que, respectivamente, tiña asignado cada grupo de 1º para a coordinación do Proxecto Interdisciplinar (en adiante, PI).

Ademais, contouse coa implicación doutros profesores que imparten docencia no grupo. Así, os departamentos membro do equipo da bibliotecaos participantes ao longo de todo o curso foron os seguintes:

FUNCIÓN	NOME E APELIDOS
Orientadora do I.E.S. Monte Carrasco e membro do equipo da biblioteca	<i>Begoña Otero Riobó</i>
Titor de 1º E.S.O. A	<i>Pedro Vicente Vila</i>
Titor de 1º E.S.O. B	<i>Xaquín Martínez Pastoriza</i>
Profesora de Educación Plástica e Visual	<i>Seila Acuña Ferradanes</i>
Profesor de Lingua Galega de 1º E.S.O A e B	<i>Xosé Álvarez García</i>
Profesora de Lingua Inglesa en 1º E.S.O. B	<i>Carmen Amado Fuentes</i>
Profesora de Lingua Inglesa en 1º E.S.O. B	<i>Belén Vázquez Álvarez</i>
Profesora de Francés en 1º E.S.O. A e B	<i>Luz Jares Fernández</i>
Profesor de Lingua Castelá en 1º E.S.O. A e B	<i>Xulio Mariño Ruíz</i>
Profesor de Ciencias Sociais en 1º	<i>Xaquín Pastoriza Cerviño</i>

E.S.O. A e B	
Profesora de Ciencias Naturais en 1º E.S.O. A	Ana María Soliño Pérez
Profesora de Ciencias Naturais en 1º E.S.O. A	María Asunción Prieto Vaz
Profesor de Educación Física en 1º E.S.O. A e B	Pedro Vicente Vila
Profesor de Música do I.E.S. Monte Carrasco *	D. Miguel Cameselle Teijeiro

*Os grupos de 1º E.S.O. non cursan a materia de música, pero o profesor de Música do centro desenvolveu a súa colaboración co Proxecto Interdisciplinar no horario lectivo correspondente a devandita materia obxecto deste traballo. As Funcións desenvolvidas por cada un dos profesores implicados no PI e asumidas polos correspondentes departamentos didácticos son as seguintes:

DEPARTAMENTO DIDÁCTICO	ACTIVIDADE LECTIVA
Dpto. de Educación Plástica e Visual	<i>Concurso de logotipos para el blog de la materia</i> http://deporteencangas.blogspot.com.es/
Dpto. de Educación Física	<i>Organización de actividades complementarias e fundamentación teórica da contextualización xeral das actividades das modalidades deportivas</i>
Dpto. de Ciencias Sociais	<i>Contextualización histórica</i>
Dpto. de Lingua Galega	<i>Glosario terminolóxico das modalidades deportivas en Lingua Galega.</i>
Dpto. de Lingua Castelá	<i>Glosario terminolóxico das modalidades deportivas en Lingua Castelá.</i>
Dpto. de Inglés	<i>Glosario terminolóxico das modalidades deportivas en Lingua Inglesa</i>
Dpto. de Francés	<i>Glosario terminolóxico das modalidades deportivas en Lingua Francesa</i>
Dpto. de Ciencias Naturais	<i>Fauna e flora da zona visitada na saída de sendeirismo</i>

Dpto. de Orientación Educativa	<i>Coordinación das actividades lectivas do PRIN</i>
Dpto. de Música	<i>Interpretación a diferentes instrumentos dos himnos do Concello de Cangas e dos clubs deportivos.</i>

b) Contidos e competencias traballadas

Tal e como se recolle no Proxecto Lector, as **competencias básicas** que se pretenden traballar dende o PRIN son:

- ✂ Competencia en comunicación lingüística
- ✂ Competencia dixital
- ✂ Competencia para aprender a aprender
- ✂ Competencia de autonomía e iniciativa persoal
- ✂ Competencia social e cidadá

Ademais, os **obxectivos** que se pretendían acadar son:

- 1.- Aprender a cooperar no traballo en equipo, sendo capaz de expresar opinións propias, escoitando as dos demais e chegando a acordos.
- 2.- Aprender a planificar e organizar un traballo en equipo para desenvolver un tema dado.
- 3.- Aprender a buscar, seleccionar e organizar información utilizando diversas fontes e soportes, utilizando a biblioteca como recurso básico
- 4.- Aprender a combinar as novas tecnoloxías cos soportes tradicionais, valorando en cada caso os pros e contras á hora da utilización de cada unha.
- 5.- Fomentar a creatividade, a iniciativa e a autonomía persoal, tanto na busca de información, como na planificación, desenvolvemento e presentación do traballo proposto.

Os **contidos** traballados foron:

- ✂ Busca, selección e edición da información
- ✂ A utilización da BE como recurso do centro
- ✂ O traballo en equipos cooperativos

Ademais dos contidos propios das materias que interviñeron no PI.

II. OBXECTO OU TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN

Tal e como se recolle no Proxecto Lector, na primeira Comisión de Coordinación Pedagóxica celebrada no curso 2014-15, propúsoxe a temática a desenvolver ao longo de todo o curso no PI. Previamente, os titores de 1º E.S.O. A e B e a profesora responsable da coordinación do equipo da BE, encargada de colaborar no desenvolvemento do PI, barallaran varias temáticas e chegaran ao acordo de propoñer na CCP seguinte: Como chegou Cangas a ser unha vila olímpica? Historia do deporte local en Cangas. Tivemos en conta o gran tecido asociativo deportivo que hai en Cangas, e ademais o grande nivel competitivo que amosan os deportistas e as deportistas do concello de Cangas nas competicións en diversas modalidades deportivas, éxito que ten a súa maior relevancia na obtención de varias medallas e diplomas olímpicos por deportistas nados en Cangas(o que a convirte na vila de Europa con máis medallas olímpicas en relación coa súa poboación) e o alto porcentaxe de alumnos que participan en actividades deportivas de todo tipo a través dos clubs deportivos do noso concello.

III. DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Como está establecido no **Proxecto Lector**, a temática presentouse e decidiuse na 1ª CCP do curso académico e pediuse a colaboración de todo o profesorado que imparte docencia en 1º da E.S.O., co resultado que se sinala na introducción.

A nivel aula, o proxecto desenvolveuse a través da metodoloxía da **aprendizaxe cooperativa**, polo que se constituíron grupos cooperativos (5 grupos de 4 alumnos/as en 1ºA e 3 grupos de 5 alumno/as e 2 grupos de 4 alumnos/as en 1ºB). Cada grupo traballou segundo a planificación e a distribución de roles e tarefas acordada. Utilizarase a estrutura de grupos de investigación. Os roles atribuídos a cada grupo son os de Voceiro, Editor, Secretario e Moderador. Todo o alumnado de primeiro fai un traballo común, pero cada un dos grupos terá un determinado contido de traballo dentro do mesmo, de tal xeito traballase tanto en gran grupo coma nos grupos reducidos.

O voceiro foi o encargado de presentar o traballo grupal o resto do grupo e de ser a canle de comunicación entre o seu grupo e os demais grupos de traballo así coma tamén co profesorado responsable das actividades lectivas do Proxecto Interdisciplinar. O editor tiña a responsabilidade de darlle un formato común o traballo final de cada grupo establecendo unhas normas de estilo propias de cada grupo, o secretario é o encargado de tomar anotacións respecto a todos os acordos adoptados polo grupo, controla as necesidades de material do grupo e custodia o material de traballo. O moderador é responsable do cumprimento dos prazos de entrega de traballos do grupo e debe coordinar a participación equitativa de todos os membros do grupo. Cada grupo de traballo de cada unha das aulas de primeiro E.S.O. responsabilízase da investigación sobre unha ou varias modalidades deportivas incluídas no tecido deportivo asociativo do concello de Cangas.

PLAN DE TRABAJO

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
Actividades de, presentación e coñecemento do grupo.	Dinámicas de grupo e fomento de actividades de cohesión grupal e traballo en equipo. Recollida de noticias deportivas en prensa local.	Deseño do traballo de investigación en formato Google Drive Deseño do traballo en formato word.
Dinámicas de grupo e fomento de actividades de cohesión grupal e traballo en equipo.	Inicio do proceso investigador Búsqueda e selección da Información Exposición das características do traballo final a presentar. Entrevistas: elaboración e desenvolvemento. Glosario terminolóxico das modalidades deportivas.	Presentación do traballo final Autoevaluación do traballo final. Customización de camisetas cos escudos dos clubs deportivos. Elaboración do Dossier de traballos comúns.

Outro factor moi importante no desenvolvemento deste traballo de investigación por proxectos foi a presenza do noso centro dentro da rede do programa ABALAR , isto permite que cada alumno/a poida traballar de xeito individual cun netbook facendo unha procura de achádegos e información orientada polo profesorado mais rápida e áxil. Asemade os grupos traballo presentan o traballo final de investigación no Google Drive, o cal permite que simultaneamente todos os membros dun grupo poidan traballar sobre un mesmo documento enriquecendo o traballo cooperativo no proceso de investigación.

Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.

- Búsqueda na web e nas páxinas suxeridas información sobre o deporte e a súa implantación en Cangas
- Revisión bibliográfica dirixida a elaboración dun marco teórico básico dirixido a obtención de información xenérica sobre cada unha das modalidades deportivas que teñen representación no tecido deportivo do concello de Cangas. Para iso resultou fundamental a utilización da Biblioteca do noso centro como recurso.
- Elaboración dunha entrevista standard para os representantes legais dos clubs.
- Entrevistas a membros e representantes dos clubs dos deportes que se asignaron.
- Recollida de artigos de prensa alegóricos a actividade deportiva don concello de cangas.
- Organización e asistencia ás actividades complementarias programadas
- Anotacións de toda a información no caderno entregado a cada grupo a tal efecto.
- Rexistro escrito das fontes de onde sae a información: páxinas web, blogs, libros, periódicos, entrevistas, cuestionarios

Outro piar importante no deseño deste proxecto foi que somos un centro **ABALAR** e, polo tanto, o alumnado de 1º ESO dispoñía un netbook para buscar e elaborar información. Isto, que en principio era unha vantaxe, despois converteuse nun pesadelo. Aínda así, a utilización deste equipamento foi

escollido polo seu efecto motivador, pola necesidade de usar a rede para a busca de información e porque se quería utilizar a aprendizaxe colaborativa como método de traballo (google-drive).

A finais de maio todos os equipos terían o traballo final rematado para no mes de xuño, poder expoñelo. O formato do traballo foi o dunha presentación en power point que tivo que expoñer o voceiro de cada grupo, explicando as regras xerais do deporte/s asignados, a súa implantación en Cangas, as fichas dos clubs correspondentes a cada deporte/s cos seus deportistas destacados e a valoración do traballo en equipo, dificultades atopadas e balance do aprendido. Tamén tivo que entregar cada secretario do grupo correspondente unha carpeta coas fichas dos clubs, as entrevistas realizadas e as fontes de información consultadas.

Nesta mesma liña, a creación dun blog utilizouse non só como ferramenta para difundir o noso traballo, e compartilo con toda a comunidade educativa, senón tamén como recurso en si mesmo, xa que na barra lateral dereita subíronse todas as páxinas web, vídeos, etc., que o alumnado ía a utilizar para a busca da información.

A **coordinación** de todo o proceso levouse a través da Biblioteca Escolar, en concreto da persoa do equipo de BE asignada ao PI, D^a Pilar Alonso Leivas, profesora de Lingua Galega no I.E.S. Monte Carrasco .

IV. TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS

POLO ALUMNADO

Seguindo unha orde temporal, as tarefas desenvolvidas polo alumnado foron as seguintes, tal e como se recolle no blog, na barra lateral esquerda:

1º TRIMESTRE
Aprendemos a traballar en aprendizaxe cooperativo: practicamos e fomentamos a utilización das técnicas cooperativas. • Aprendemos como imos facer a investigación, coas estruturas de crebacabezas e equipos de investigación. • Distribuímos tarefas e papeis a asumir polo alumnado de cada grupo. • Creamos o blog “O deporte en Cangas. Historia do deporte local”. Todos nos damos de alta como editores, creamos contas de gmail... Foi un recurso para ter reunidas todas as fontes de información básicas que

iamos utilizar.

- Concurso de debuxos para a elección do logotipo do Blog

<http://deporteencangas.blogspot.com.es/>

- Iniciamos a investigación:

.- Tarefa: que sabemos sobre o tecido asociativo deportivo en Cangas, a historia do deporte de cangas e a oferta deportiva desta vila do Morrazo.

- Avaliamos os coñecemento iniciais do alumnado mediante a técnica de *folio xiratorio*.

Tarefa: que saben as familias do deporte local de Cangas, cuestionario elaboradomediante a técnica 1-2-4

· Repartimos un caderno para cada alumno, onde anotar o que vai atopando, así como as dificultades coas que se atopa.

2º TRIMESTRE

- Consultamos as páxinas web recollidas no blog e tomamos nota no caderno.

Aprendemos a tomar notas, poñendo a data, a fonte de información...

- Traballamos coa prensa, xa que o 10 de xaneiro, celebrouse a Gala do Deporte Local de Cangas e fíxose unha recopilación do todos os artigos de prensa atopados sobre este evento.

- Preparamos a entrevista que se ía realizar a cada representante dos clubs deportivos.

- Cada grupo entrevistou os representantes dos clubs das modalidades deportivas que tiñan como contido da investigación.

- Todas as actividades desenvolvidas foron grabadas e subidas o blog da actividade con posterioridade para súa divulgación e a súa consulta posterior por parte do alumnado implicado.

3º TRIMESTRE

- Aprendemos como temos que facer o documento síntese da investigación,

segundo a distribución de tarefas e papeis.

- Aprendemos a traballar colaborativamente co google-drive.

- Elaboración dos glosarios terminolóxicos de cada modalidade deportiva en galego, castelán, francés e inglés.

- Elaboramos o traballo.ç

- Exposición sobre as mulleres deportistas españolas, incluíndo moi destacadas deportistas orixinarias de Cangas.

- Exposición de debuxos cos escudos dos clubs deportivos de Cangas.

- Concerto a frauta no que se interpretaron os himnos dos clubs deportivos e o himno do concello de Cangas.

- Presentación dos traballos finais de cada grupo.

- Subida dos traballos finais o blog

- Redacción dun artigo resumo do traballo de cada grupo para a súa publicación na revista *A GAIVOTA*, revista anual do I.E.S. Monte Carrasco baixo a coordinación do equipo da biblioteca.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Charla de D. Marcos Torres, técnico da Fundación Cangas Deporte
- Charla de D. Luis Paredes Coya, subcampeón do mundo de duathlon categoría master.
- Charla de Solange Pereira, campeona de España absoluta de 1500 metros.
- Charla de Itziar Molanes técnica da Fundación Cangas Deporte sobre a revisión histórica do rol da muller no deporte do Concello de Cangas.
- Visita ó Estadio Municipal de Balaidos e o Museo do Real Club Celta de Vigo.
- Asistencia a unha sesión de adestramento do Balonmán Cangas Frigoríficos do Morrazo, 5º clasificado na Liga Asobal Allianz.
- Presentación e clasificación para o campionato de remo indoor organizado polo club Vila de Cangas.
- Visita as instalacións do Club de Remo Vila de Cangas.
- Sendeirismo polo Roteiro do Morrazo para visitar o Monte Liboreiro.

V. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS.

Utilizamos tres recursos principais para a busca de información: a rede, as fontes directas e os recursos bibliográficos proporcionados pola Biblioteca do centro.

• **A REDE:** Internet é sen dúbida unha das fontes da información mais importantes coa que contamos na actualidade para a elaboración de traballos de investigación. Asemade a súa utilización coma ferramenta didáctica ten un efecto de motivación no alumnado que supón un elemento enriquecedor do proceso de investigación. Como contábamos co equipamento ABALAR nas dúas aulas de 1º E.S.O., decidimos utilizalo para a busca de información. Neste senso hai que sinalar que existe unha fonte fundamental de información coma foi a web da Fundación Cangas Deporte <http://www.cangasdeporte.com/>, pero tamén foron de gran utilidade a consulta das páxinas web dos clubs deportivos investigados e páxinas das federacións deportivas especialmente para a contextualización xeral de cada modalidade deportiva.

• **AS FONTES DIRECTAS:** Entrevistas a presidentes ou directivos de clubs, tamén se realizaron entrevistas a deportistas destacados que pertencen a nosa

comunidade educativa, o cal nos permite ter unha información moi clarificadora respecto as características das modalidades e competicións deportivas.

•REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA:

- Batalla, A., Martínez, P. (2002). Deportes Individuales. INDE.Barcelona.
- Gran Enciclopedia de los Deportes. Tomos I,II,III,IV,V (2000). Cultural Ediciones. Madrid.
- Gran Historia de la Olimpiadas y de los Deportes. TOMOS I,II,III,IV,V (1993). Egedsa. Barcelona.
- González, M., Riera,O. (2010). *Educación Física*. Ed. Teide. Barcelona.
- González, M., Riera,O. (2010). *Educación Física. Caderno de Actividades*. Ed. Teide. Barcelona.
- Morlán, J. (2012). David Cal. 100 días para la historia. Ed. QVE. Madrid.
- Mosquera, L., Selas, S. (2010). *Educación Física*. Ed. Galinova. A Coruña.

VI. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A temática escollida está imbricada completamente na comunidade do centro.

Se a vila de Cangas se caracteriza por algo, sen dúbida e polo éxito dos deportistas e clubs do concello. Unha elevadísima porcentaxe do alumnado deste centro participa ou compite en actividades deportivas auspiciadas polas diferentes federacións deportivas, polo que o nivel de motivación do alumnado na investigación foi moi elevado. Tratamos de involucrar ás familias a través dos cuestionarios que lles pasamos, enviámoslle comunicacións explicándolles o que estabamos a facer e pedindo a súa colaboración e coñecemento previo sobre a temática escollida.

Puxémonos en contacto coa Fundación Cangas Deporte, para obter contacto e información sobre o tema escollido, os clubs e os deportistas. Implicamos ó alumnado deportista da nosa comunidade educativa para que axudase na investigación os grupos que investigan as modalidades deportivas que practican, tamén este alumnado servíu coma enlace para contactar cos clubs e para publicar entrevistas os deportistas mais destacados.

Coma se explica na parte introductoria o número de departamentos didácticos implicados na investigación é de 10 e os profesores que participaron foron 14 o cal supone unha porcentaxe do 60% do profesorado do centro.

VII. DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

Dende o inicio creamos un blog co que compartir o que íamos facendo, investigando... coa comunidade educativa e cos veciños en xeral.

O blog, ***“Como chegou Cangas a ser unha vila olímpica. Historia do deporte local en Cangas”*** está aloxado na seguinte dirección url: <http://deporteencangas.blogspot.com.es/>. Neste blog se reflicten todas as actividades realizadas durante o curso académico e nel constan os traballos finais presentados por cada grupo.

Ademais, elaborouse un dossier dos debuxos dos escudos dos clubs realizados por cada grupo, regalándose un a cada alumno participante na investigación do PRIN, e cada grupo deseñou unha camiseta cos escudos dos clubs investigados polo seu grupo, o derradeiro día lectivo levaron para casa os agasallos e os traballos realizados.

VIII. AVALIACIÓN

No noso Proxecto Lector está recollido que o PI será avaliado e cualificado trimestralmente. Está avaliación reflectirase no boletín de notas trimestral con efectos informativos para as familias. Os criterios de avaliación foron os seguintes:

Criterios para a avaliación do traballo de equipo

- .- Axuste aos obxectivos, fases e prazos.
- .- Variedade de fontes utilizadas, valoración crítica das mesmas e selección de documentación.
- .- Estrutura adecuada do traballo presentado: portada, índice, bibliografía.
- .- Coherencia na explicación de resultados e elaboración de conclusións.
- .- Limpeza e corrección na presentación escrita en papel do traballo final.
- .- Utilización das TIC para a busca de información e presentación do traballo final.
- .- Traballo en equipo (valorarase máis canto máis se aprecie o traballo de todos e cada un dos membros así como a cooperación para o resultado final).

- .- Ser quen de resolver problemas e tomar iniciativas ante as dificultades xurdidas.
- .- Amosar creatividade tanto no proceso como no resultado final (tanto na planificación, no desenvolvemento como na elaboración do traballo).
- .- Exposición oral das conclusións finais (capacidade de síntese, claridade na exposición...).

Criterios para a avaliación do traballo individual

- .- Grao de implicación nas distintas fases do traballo.
 - .- Capacidade de escoita e toma en consideración a opinión dos demais.
 - .- Hábito de traballo individual e autónomo.
 - .- Capacidade de traballo en equipo e cooperativo.
- Ademais, cada grupo, tivo que facer unha avaliación do contido e do proceso seguido e recollela no seu traballo.

Esta avaliación do alumnado tamén quedou reflectido nos artigos que escribiron que cada grupo-clase en cadanseu artigo para a revista do centro e que tamén están subidos ao blog.

IX. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Como xa se explicou, a Biblioteca Escolar participa neste proxecto dende o principio, xa que ao estar integrado no Proxecto Lector de Centro, un membro do equipo da BE coordina o Proxecto Interdisciplinar.

O alumnado utilizou a BE como recurso básico para a busca de información, tanto como espacio físico, xa que aínda que se dispón de netbook nas aulas en ocasións os grupos dividíanse para visionar as entrevistas para transcribilas e filtrar a información como para a busca da información en fontes bibliográficas incluídas nos fondos de biblioteca. Ademais de que a BE deu soporte técnico a todo o proceso, tanto coordinando todo o proxecto como facilitando as técnicas de busca e tratamento da información.

PROXECTO EDUCATIVO

“Como Cangas chegou a ser unha Villa Olímpica: Historia do deporte local no concello de Cangas”



GALERÍA DE IMAXES

I.E.S. MONTE CARRASCO

CURSO ACADÉMICO 2014 – 2015

PROXECTO INTERDISCIPLINAR – 1º E.S.O.

PROFESORES:

D^a Pilar Alonso Leivas.

D. Xaquín Pastoriza Cerviño

D. Pedro Vicente Vila

D.^a Begoña Otero Riobó

GALERÍA FOTOGRÁFICA DO NOSO PROXECTO EDUCATIVO.

- Logotipo do osos Blog. Ilustración de Inés Villamor Nores (1º B).



- Entrevista a Brais Guardado, alumno do I.E.S. Monte Carrasco (Taekwondo)



- Visita DO ALUMNADO DE 1º E.S.O. a un adestramento do Club Balonmán Cangas (Liga Allianz Asobal)



- Entrevista a Luis Pérez (Club Náutico Rodeira).



- Entrevista a Xosé Pereiro (Club Colombofilia do Morrazo)



- Entrevista a Antía Piñeiro, alumna do I.E.S. Monte Carrasco (Balonmán).



- Visita ó nosos centro de Solange Pereira (Atletismo, campiona de España de 1500m.)



- Entrevista a Gerardo García do Club de Sendeirismo Morrazo.



- Entrevista o presidente do club de tenis de Cangas.



Entrevista a Oscar Fernández (Club Eixo Atlántico 4 x 4).





- Entrevista a Mikel Aguirrezabalaga (Club Voleibol Maniotas)
- Alumnado de 1º B no proceso de investigación.



- Alumnado de 1º B na biblioteca revisando fondos documentais.



- Entrevista a José Luis Biglia(Club Baloncesto Defensores do Morrazo).



- Entrevista a Alfonso Fernández (Agrupación Futbol Sala Morrazo)



- Visita o I.E.S. Monte Carrasco de Luis Paredes Coya , antigo profesor de Educación Física do I.E.S. Monte Carrasco(Triathlon e Duathlon).



- Entrevista o presidente do Rapido de Bahía (Fútbol).



- Entrevista a Carmen Parada Martínez (Club Atletismo Vila de Cangas).



- Trabajo en equipo de 1º A





- Charla de Marcos Torres (Fundación Cangas Deporte).